

Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas, Pontevedra.
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Expediente: IN408A 2014/17

Denominación do proxecto: Parque Eólico Porto Vidros

Promotor: NATURGY RENOVBLES SLU

Asunto: Solicitud de informe técnico.

ANTECEDENTES

O 12.04.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde a Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre a "Proxecto sectorial do Parque eólico Porto Vidros" situado no concello de Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra.

O 14.04.2021 recíbese, pola mesma vía, novamente a documentación debido ao detectarse un erro no arquivo Plano SHP.

O 14.05.2021 solicitouse via mail desde o buzón da Subdirección de Prevención ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais da provincia de Pontevedra un informe para poder dar contestación a Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

O 06.08.21 recibíuse no buzón da Subdirección Xeral de Prevención o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra, no que informa favorablemente sobre o "Proxecto sectorial do do Parque eólico Porto Vidros", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do Proxecto sectorial do Parque eólico Porto Vidros, no concello Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

